



Concello de Xove

Expediente núm.: 231/2022

Procedemento: CONVOCATORIA DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL (XORNADA PARCIAL 25 HORAS)

DOCUMENTO ASINADO POR: O ALCALDE e O SECRETARIO.

ACTA DO TRIBUNAL

Na Aula de Formación do Concello de Xove, sendo as 10:00 horas do día 1 de abril de 2022, consonte ao disposto na Resolución de Alcaldía-Presidencia de data 29 de marzo de 2022 constituese o Tribunal Seleccionador do concurso oposición convocado para a provisión de unha (1) praza de Limpador/ra das Instalacións Municipais (Persoal Laboral Temporal).

Integran o citado Tribunal as seguintes persoas:

PRESIDENTE: D. Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove

VOGAIS:

Dna. María Antonia Miguez Quelle, Encargada do Servizo Municipal de Limpeza do Concello de Xove.

Dna. Elena Santos Rey, Interventora do Concello de Xove.

Luis María Fernández del Olmo Secretario do Concello de Xove

SECRETARIO: D. Pablo Sánchez Lage, Administrativo do Concello de





Concello de Xove

Xove

Polo Secretario informase que no prazo sinalado no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 65 de data 21 de marzo de 2022 para a presentación de instancias para participar no proceso selectivo do epígrafe presentáronse as seguintes persoas:

LORENA GONZÁLEZ MEITÍN
LUCIA PEÑA LESTEGAS
POLLYANA DOS ANJOS MIRANDA BASTOS
RAQUEL ROMERO TAPIA
MÓNICA PARDO PENAS

Efectuados os chamamentos previstos na resolución de Alcaldía de 21 de marzo de 2022 comparecen:

LORENA GONZÁLEZ MEITÍN
LUCIA PEÑA LESTEGAS
POLLYANA DOS ANJOS MIRANDA BASTOS
RAQUEL ROMERO TAPIA
MÓNICA PARDO PENAS

A seguir polo Tribunal conforme ao disposto na Base 12 das reguladoras do procedemento de selección anuncia a celebración da Fase de Oposición que consistirá en responder a 20 preguntas tipo test relacionadas coas tarefas propias da praza.

- O número de preguntas do exame tipo test será de 20.; con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta.
- Tamén haberá que responder a 2 preguntas adicionais de reserva.





Concello de Xove

- O tempo para a realización da proba será de 60 minutos.
- Os criterios de corrección e puntuación serán os seguintes:

Pregunta acertada: 3 puntos.

Pregunta fallada: - 0 '15 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

; repartíndose o exáme elexido polo Tribunal aos opositores presentes.

Rematada a proba polo Tribunal procedese á corrección e puntuación dos exámes con arreglo á plantilla correctora que incorporase como Anexo á presente Acta.

Unha vez efectuada dito labor Tribunal por unanimidades dos seus membros acorda:

PRIMEIRO: Outorgar as seguintes puntuacións:

LORENA GONZÁLEZ MEITÍN: 38'70

LUCIA PEÑA LESTEGAS: 44'25

POLLYANA DOS ANJOS MIRANDA BASTOS: 41'10

RAQUEL ROMERO TAPIA: 47'40

MONICA PARDO PENAS: 28'65

Tendo en conta o carácter eliminatorio da fase de oposición quedan excluídos do proceso de selección por non acadar a puntuación mínima fixada na Base 12.1 a seguinte participante:





Concello de Xove

MONICA PARDO PENAS

A seguir o Tribunal na fase de concurso procedeu á revisión e puntuación dos méritos acreditados polos aspirantes que superaron a fase de oposición de acordo cos criterios reflectidos na Base 12.3.

Rematado dito labor o Tribunal por unanimidades dos seus membros acorda:

SEGUNDO.- Outorgar as seguintes puntuacións (Experiencia profesional):

LORENA GONZÁLEZ MEITÍN: 11

POLLYANA DOS ANJOS MIRANDA BASTOS: 0

RAQUEL ROMERO TAPIA: 0

LUCIA PEÑA LESTEGAS: 0

Sumados os puntos obtidos polas aspirantes na Fase de Oposición e na Fase de Concurso a puntuación definitiva obtida por cada unha delas por orde decrecente é a seguinte:

LORENA GONZÁLEZ MEITÍN: 49´70

RAQUEL ROMERO TAPIA: 47´40

LUCIA PEÑA LESTEGAS: 44´25

POLLYANA DOS ANJOS MIRANDA BASTOS: 41´10

A candidata que ten obtido a maior puntuación Lorena González Meitín comparece ante o Tribunal manifestando a súa intención de renunciar a esta praza por estar máis interesada en ocupar a praza obtida no proceso selectivo 230/2022 celebrado no día de onte.





Concello de Xove

Incorporase ao expediente o escrito de renuncia asinado por D^a. Lorena González Meitín.

Á vista das puntuacións obtidas o Tribunal por unanimidade dos seus membros acorda.

TERCEIRO.- Propoñer ao Sr. Alcalde Presidente a contratación de:

Raquel Romero Tapia.

No suposto de renuncia expresa ou non presentación da documentación reflectida na Base 15, por parte da candidata citada, a proposta de nomeamento recaería na seguinte seguinte candidata según a puntuación obtida e así sucesivamente.

CUARTO.- Os interesados poderán solicitar a vista e revisión dos exercicios de forma presencial, previa cita telefónica, na Secretaria Xeral do Concello de Xove o día 1 de abril de 2022 en horario de 12 a 14 horas.

QUINTO.- Publíquese a presente Acta no Taboleiro Municipal de Anuncios e na páxina web municipal.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia, levantouse a sesión sendo as 11'30 horas da data citada no encabezamento extendéndose por min, Secretario, a presente Acta para constancia.





Concello de Xove

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

